

3. A EUROPA FEUDAL

TRAZOS CARACTERÍSTICOS DE EUROPA FEUDAL

No século IX, Europa viuse sacudida por unha **nova onda de pobos** invasores: no Mediterráneo os árabes, no Atlántico os normandos e **viquingos** e no río Danubio os **maxiares ou húngaros**.

Os séculos finais da Alta Idade Media foron momentos de **crise e pobreza**. Os reis que sucedían a Carlomagno non podían garanti-la seguridade dos seus súbditos e estes buscaron o amparo dos poderosos, entregándolles ás súas terras a cambio de protección militar.

Todo isto provocou a **concentración de grandes extensións de terra** en mans de nobres, bispos e abades e algunhas persoas non tiñan terras. Esta nova dependencia persoal conduciu a aparición do **feudalismo** réxime que predominou en Europa entre os séculos IX e XIII.

A sociedade feudal estaba organizada en **tres estamentos**. Cada un cumpría unha función: os **nobres** guerreaban para defender a sociedade feudal, os **clérigos** rezaban para que todos gañasen o ceo e os **campesiños e artesáns** traballaban para abastece-los outros dous grupos.

Isto deu lugar a unha **sociedade organizada xerarquicamente** en forma piramidal:

Papa e reis

Nobres e clérigos

Artesáns, campesiños libres e servos

A Europa medieval era un mundo rural no que a riqueza fundamentábase na posesión de terras. O centro de actividade económica era o feudo, territorio en propiedade do señor laico ou eclesiástico que producía todo o necesario para vivir.eclesiástico

O feudo estaba dividido en dúas partes:

- A **reserva** era o dominio explotado directamente polo señor. Comprendía a súa residencia, terras de labor cultivadas por servos ou campesiños libres, pastos para o gando, bosques onde cazar e obter leña e ríos onde pescar e aprovisionarse de auga.
- Os **mansos** eran pequenas superficies de terra outorgadas ou arrendadas polo señor ós campesiños, que a cambio entregáballe parte da colleita e realizaban traballos na reserva señorial certos días do ano: arar e poda-las viñas en primavera, corta-la herba e recolle-la colleita en verán.

As técnicas e instrumentos de labranza eran moi rudimentarios: o arado romano, a aixada, o fouciño e a gadaña. Os rendementos eran escasos.

Os Nobres

Estaban unidos por **lazos de dependencia persoal**. A unión era un contrato verbal ou escrito entre dous homes libres, o vasalo e o señor. Levábase a cabo nunha cerimonia solemne á que asistían familiares e parentes. **Era o acto de vasalaxe**.

O ritual era similar en toda Europa: o vasalo axeonllábase ante o señor e lle prometía fidelidade, obediencia,

axuda militar e consello. O señor, en cambio xuráballe protección militar e lle concedía un feudo: castelo e terras das que obter rendas.

Os cabaleiros formábanse desde pequenos á **actividade militar**. Ata os dez ou doce anos iniciábo o seu pai na **equitación**, a **caza** e o **manexo das armas**. Continuaba a súa formación no castelo dun nobre ou dun rei. Alí integrábase nunha escola de cabalería. Acompañaba ó seu mestre ós torneos e nas actividades de caza, adestrábase cada día nas distintas técnicas de loita e aprendía estratexias militares utilizadas en pasadas batallas.

Ós vinte anos convertíase nun cabaleiro e ingresaba na **orde de cabalería**, constituída por diversas categorías e títulos: rei, duques, marqueses, condes, baróns e simples cabaleiros. Todos eran fieis ós mesmos **ideais**: a valentía, a lealdade, a fidelidade á palabra dada e a defensa dos débiles, as viúvas e os nenos.

As **mulleres**, vivían recluídas ó castelo, dedicadas a educa-los fillos , dirixi-los criados, rezar e bordar. Non podían acceder ós estudos.

O Castelo

O castelo situábase sempre sobre unha elevación do terreo. Era a **residencia** do señor feudal que controlaba o territorio do seu feudo e vixiaba ós seus vasalos. O castelo era unha **fortaleza** para a defensa do señor e os seus vasalos nos momentos das guerras.

O recinto estaba amurallado. Na parte superior da muralla situábase o **adarve** ou camiño de rolda utilizado polos defensores. Ós seus pés abríase un **foso**. Para salva-lo había unha **ponte levadiza**. A entrada estaba flanqueada por dúas torres, protexidas por un fortín de madeira chamado **barbacá**.

No interior do recinto dispoñíanse as dependencias principais. A mais destacada era a **torre da homenaxe**, onde vivía o señor e que contiña o salón principal, a capela e os dormitorios. Outras construcións tiñan todo o necesario para vivir ou manter un longo asedio: talleres de artesáns, sala para a tropa, almacéns, cortes forno e muíño pozo e alxibe de auga, cociña, etc.

A vida era aburrida e nada fácil. As estancias eran escuras, frías en inverno, pouco confortables e escasamente amobladas. Tódolos acontecementos importantes celebrábanse no salón.

Os Clérigos

A sociedade feudal era profundamente relixiosa. **Deus era o centro de tódalas cousas** e a salvación das almas, o fin principal da vida do home na terra. A Igrexa tiña un gran prestixio, os clérigos formaban un estamento privilexiado e as ocupacións principais consistían en predicar a doutrina cristiá e administra-los sacramentos.

A Igrexa estaba presente nos momentos máis importantes da vida: o nacemento, a través do bautismo; o casamento, a través do matrimonio e a morte; a través do enterro. Os repiques das campás eran a referencia máis habitual para medi-lo tempo.

As parroquias e os mosteiros realizaban unha importante labor social: axudaban ós pobres, asistían ós enfermos, recollían os nenos abandonados e hospedaban ós peregrinos. A Igrexa velaba pola paz mediante a tregua de Deus.

O clero dividíase en: **clero secular e clero regular**. O clero secular estaba formado polos **curas** das parroquias. O **clero regular** o integraban os **monxes e monxas** que vivían en comunidade, obedecendo unha regra, nos mosteiros.

Por outra partes, os bispos, abades e altos dignatarios eclesiásticos compoñían ó **alto clero** porque gozaban de altas rendas e eran verdadeiros señores feudais. O **baixo clero** estaba formado por párrocos rurais **monxes e monxas** que vivían de maneira mísera.

O Mosteiro Medieval

A vida monástica naceu en Oriente, onde se iniciou desde moi antigo o costume de retirarse do mundo a un lugar apartado para entregarse á meditación. O monxe separábase da sociedade, pero facía útil a súa vida **unindo á oración o traballo**, segundo o lema *ora et labora*, é dicir, reza e traballa.

O introductor de tal novidade no século VI foi San **Bieito de Nursia**, fundador da orde que leva o seu nome: os bieitos.

Os mosteiros medievais eran verdadeiros centros económicos e de poder. Tiñan propios campos traballados por servos, obradoiros de tecidos, boticas, forxas, carpinterías, lagares, etc. Tamén foron importantes centros de cultura.

As principais dependencias eran a **igrexia**, lugar de oración e o **claustro**, lugar de recreo e en vida común. Ó redor deste dispoñíase a **sala capitular**, utilizada para as reunións da comunidade, o **refectorio** ou comedor e os **dormitorios**.

Os mosteiros españois máis importantes son Santo Domingo de Silos (Burgos), San Millán de la Cogolla (A Rioxa), Santa María de Poblet (Tarragona), Sobrado dos Monxes (A Coruña) e Oseira (Ourense)

Os Campesiños

Os campesiños dividíanse en:

- O **vilego**, que era unha persoa libre que podía vivir onde quixera e incluso cambiar de feudo.
- O **servo**, que non podía abandona-lo manso que cultivaba, ó que estaba vinculado. Pero non era un escravo: posuía algúns bens persoais, e o señor, que lle debía xustiza e protección, non podía golpealo, matalo nin vendelo.

A vida de ámbolos dous era miserable. Ós catro anos, os **homes** comezaban a colaborar nas tarefas da casa: buscaban leña, vixiaban o gando e alimentaban ós animais domésticos. Ós 14 anos eran maiores de idade e comezaban a traballar na agricultura. Ós 16 ou 18 casaban coa moza elixida polo seu pai. E se vivían máis de 40 anos, podían considerarse seres afortunados. A inmensa maioría eran **analfabetos**, porque non había escolas e ninguén se ocupaba de ler ou escribir.

As **mulleres** traballaban no campo sementando, colleitando e vendimando, ademais de cociñar e de coidar ós nenos, fiar, tecer e amasa-lo pan. Casaban ós 14 anos e tiñan moitos fillos, pero poucos cegaban ós cinco anos. Ás veces eran elas as que morrían nos partos.

A **roupa** dos campesiños era case toda de la e adoitaban confeccionala eles mesmos. Só tiñan un vestido, que utilizaban todo o ano.

A **comida** era pobre: pan de centeo, sopas, verduras cocidas, leite fresco e ovos. Ás veces había queixo e viño ou cervexa. A carne consumíase en ocasións especiais.

- A **paisaxe** en Europa en torno ó ano 1000 estaba dominada por bosques salpicados por **terras sen cultivar** e pantanos. Nos poucos claros había aldeas campesiñas ocupadas polos homes e mulleres dependentes dun mesmo señor feudal.

- As **aldeas** as construían os campesiños e pouco a pouco lle ían gañando terreo ó **bosque**. Este proporcionaba á aldea **pastos** para o gando, **leña** coa que construír novas cabanas ou prender lume, **caza** abundante e **froitos** cos que completa-la súa escaseza alimentación. Os **pantanos** e os **ríos** subministrábanlles **xuncos** e **canas**, **carbón vexetal** e **peixe**.

As vivendas campesiñas eran moi modestas. As paredes eran de madeira e barro, a cuberta de palla e o chan de terra pisada. Tiñan unha soa habitación pouco iluminada, mal ventilada e sen ventás.

No medio da estancia estaba o fogar. Non había cheminea de saída para os fumes. Os escasos mobles que había eran: un banco, varios catres de palla, unhas cantas potas de barro e escudelas, xerras de madeira e pouco máis.

ARTE DA ÉPOCA FEUDAL

A partir do século XI, Europa mellorou e aumentou a poboación. Algunhas rexións, decidiron construír igrexas e mosteiros de pedra. Para isto contrataron **mestres canteiros**, que ganaban a vida dirixindo cuadrillas de albaneis e carpinteiros.

Así xurdiron igrexas e mosteiros que presentaban unhas características comúns (construcción case sempre en pedra, fiestras semicirculares, grosos muros...). Son de **estilo románico**, que se prolonga ata mediados do século XII, o seu nome ven dado pola forma dos seus arcos, que recorda ós romanos.

Os principais elementos románicos son o **arco de medio punto**, o **piar cruciforme** e a **bóveda de medio canón**. Esta última está reforzada por **arcos faixóns**, encargados de transmitir-lo peso da cuberta abovedada de pedra a piares e columnas. Os edificios son baixos, teñen grosos muros e **contrafortes exteriores**. En consecuencia, son sólidos pero teñen poucas ventás; por iso a luminosidade interior é escasa.

A **planta** das igrexas ten cruz latina, con unha ou tres naves; a central cóbrese con bóveda de medio canón, e as laterais con bóvedas de aresta. Nalgunhas, as naves laterais prólonganse arredor da cabeceira, xurdindo así un novo espacio chamado **deambulatorio**.

A arte románica estendeuse por toda Europa, formando edificios destacados como a igrexa de madalena de Vézelay, en Francia; a catedral de Worms, en Alemaña, e Pisa, en Italia. En España a Catedral de Santiago de Compostela e a igrexa de San Martín de Frómista.

A decoración ten un **sentido didáctico**: ensinar a un pobo sinxelo e analfabeto a doutrina cristiá a través das imaxes. Polo tanto, as figuras defórmanse para **expresar** mellor a mensaxe relixiosa.

Os **relevos** de pedra son bastos e inxenuos, sendo os seus temas principais Deus Todopoderoso e o Xuízo Final; sitúanse nas portadas, nos capiteis e nos claustros. As **esculturas** dos altares son de madeira. A **pintura** é de composicións sinxelas.

O Camiño de Santiago

No ano 813, o bispo Teodomiro de Iria Flavia, viu un campo de esterlinas relucindo e dixo que alí se atopaba o sartego do apóstolo Santiago. A nova propagouse por toda Europa, construíse un templo sobre a súa tumba e empezaron a cegar peregrinos de toda Europa. Arredor orixinouse unha cidade chamada Santiago de Compostela.

A figura do Apóstolo Santiago, foi unha poderosa axuda moral para os cristiáns na súa loita contra O Islam. Por iso, os reis hispánicos favoreceron o establecemento do Camiño, tamén chamado **Ruta Xacobe**.

O camiño Francés unía as súas catro rutas en Puente de la reina, e seguía por Logroño ata Compostela. Outras rutas conducían a Santiago: O Camiño Portugués, o Cantábrico e O Inglés. Ían en grupos, e a súa indumentaria (cabeza, cuncha, bastón e zurrón), identificábaos.

A partir do século XI, diminuíu o poder musulmán e o auxe do Camiño foi en aumento. Construíronse pontes e mosteiros, albergues e pousadas que acollían ós peregrinos. A peregrinación pasou a ser unha das máis importantes do mundo. **Foi algo máis que unha ruta relixiosa.** Significou a **unión de España con Europa** desde o punto de vista **económico, social, demográfico, cultural e artístico.** Moitos peregrinos, artesáns e comerciantes instaláronse ó longo de el, ben en novas cidades ou burgos, ou nas xa existentes, onde viviron nos chamados barrios dos Francos.

A catedral de Santiago foi o maior templo da España cristiá. Estaba situada sobre un outeiro e o seu aspecto impresionaba ós viaxeiros cando cegaban a divisala. A escalinata de acceso á porta occidental, ó pórtico da Gloria, as lámpadas e o fume dos botafumeiros, dotaban ós pasaxeiros duna atmosfera inolvidable.

Construíuse no 1075, por Diego Peláez sobre os restos duna igrexa que fora arrasada por Almanzor en 997; pero foi Diego Xelmírez quen impulsou a obra a partir do ano 1100, co apoio do rei Afonso VI de Castela.

A construción da catedral atraeu a moitos traballadores, especialmente canteiros organizados e dirixidos por importantes mestres. Os máis famosos foron **o mestre Estevo**, autor da **Porta das Praterías**, e **o mestre Mateo**, autor do **pórtico da Gloria**.

A catedral é o mellor exemplo das **igrexas de peregrinación**, que marcaban a Ruta Xacobeá. Tiña tres naves, capaces de albergar ós fieis, e as naves laterais prolongábanse pola cabeceira do templo, dando lugar ó *deambulatorio*; gracias a ela os peregrinos podían circular polo templo e ve-los oficios que se facían no altar maior. As numerosas capelas de cabeceira, permitían oficiar varias misas ó mesmo tempo para peregrinos de diferentes nacionalidades.

A influencia da catedral de Santiago foi moi grande e o románico estendeuse por toda Galicia, manifestándose tamén nas pequenas e numerosas igrexas do ámbito rural.